



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CINCO DE NOVEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día cinco de novembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 126/12 de Reparaciones Sinde, S.L

Examinado o expediente promovido por don José M. Sinde Durán en representación de Reparaciones Sinde, S.L., para *instalación e montaxe de ponte grúa* en Taller de Automóviles sito no lugar de Rozadela (San Mamede de Ribadulla), Vedra).

Tendo en conta que se trata dunha actividade que non se atopa expresamente incluída no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental e visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, e a documentación complementaria achegada polo solicitante (autorización de industria e certificación de cumprimento de normativa acústica).

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Licenza da actividade:

1º.- Concederlle a Reparaciones Sinde, S.L, a licenza de actividade para *instalación de ponte grúa* no lugar de Rozadela (San Mamede de Ribadulla), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos



Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

2º.- Aprobar a liquidación das taxas de tramitación correspondentes, que ascenden a trescentos euros con cincuenta e un céntimos (#300,51#) que deberá ser ingresada nas arcas municipais.

2.- Licenza da obra:

En relación á obra solicitada, consistente en *instalación e montaxe de ponte grúa* en taller de reparación de automóviles, sito no lugar de Rozadela (San Mamede de Ribadulla), deste termo, emprazado en solo de expansión de núcleo rural (N-2), segundo o proxecto técnico presentado, redactado polo Enxeñeiro Industrial, José M^a Vispalia Blanco e con un orzamento de 4.672,15 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e demais documentación que figura no expediente acorda conceder a licenza solicitada debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

-Construírse de acordo co proxecto presentado.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e tres euros con corenta e catro céntimos (#93,44#).

2.2.- Instancia núm. 512/12 de don Jesús A. Silvosu Bascuas.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 498 de concentración parcelaria de Ribadulla, situada en Socastro, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2), en cinco parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais que ascenden á cantidade de trescentos (#300,00#) euros.

3º.- Aprobación, se procede, das bases do proceso de funcionarización dunha traballadora fixa do Concello de Vedra coa categoría de traballadora social.

Dáse conta da bases da convocatoria cuxo obxecto é regular o acceso á función pública como funcionaria dunha traballadora fixa deste concello de conformidade co previsto na oferta de emprego público para o ano 2012, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 10/09/2012, afectada pola disposición transitoria segunda da Lei 7/2012, do 12 de abril, do estatuto do empregado público.

A Xunta de Goberno acorda a aprobación das citadas bases.



4º.- Acordo, se procede, sobre prórroga de contrato coa empresa Aquagest, S.A

Como queira que o contrato asinado coa entidade Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua S.A, con data 30 de setembro de 2008, para a concesión da xestión dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento , cunha duración de catro anos, venceu o 1 de outubro do presente.

Que por razón da realización de estudos económicos do custo do servizo e proxección da modificación recente da taxa, considerouse oportuno abrir o novo proceso de licitación da xestión do servizo de abastecemento e saneamento , logo de rematados os mesmos,

Por todo iso, a Xunta de Goberno acorda prorrogar o contrato con Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua S.A, por un período de tres meses, e en todo caso ata a nova adxudicación da citada concesión de dito servizo.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de outubro do ano que andamos, pola que se acorda que se proceda ao arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto de Pablo Rey Ballesteros en calidade de propietario de parcela sita en Figueiredo -Ponte Ulla ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma, e recordarlle que os deberes de uso e conservación dos terreos son permanentes, debendo polo tanto proceder á limpeza e acondicionamento da finca de forma periódica.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de outubro do ano que andamos, pola que se acorda que se proceda ao arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto dos herdeiros de dona Teresa Campos Crespo en calidade de propietarios de parcela situada en Paradela - San Xián de Sales, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma, e recordarlle que os deberes de uso e conservación dos terreos son permanentes, debendo polo tanto proceder á limpeza e acondicionamento da finca de forma periódica.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de outubro do ano que andamos, pola que se lle ordena a dona Dolores Iglesias Gacio, titular de parcela situada en Cibrán -San Xián de Sales, a execución das actuacións precisas para manter a mesma en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e calidade ambiental tal e como establece o artigo 9 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no prazo dun mes.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta e un de outubro do ano que andamos, pola que se acorda solicitar unha subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 (DOG núm. 191/12, do 5 de outubro)

A Xunta de Goberno dáse por informada.



6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitudes de atención domiciliaria.

6.1.1.- Escrito núm. 1.295/12 de dona Carmen Campos Marantes.

Dáse conta do citado escrito no que dona Carmen Campos Marantes, en representación de dona Lourdes García Campos, con domicilio en Vedra, solicita atención domiciliaria para atencións domésticas e complementarias.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo de axuda no fogar, a través do sistema de libre concorrencia, cunha intensidade de 13 horas/mes de luns a venres, para atención persoal así como apoio nas actividades relativas ao mantemento da organización e hixiene doméstica.

2º.- Concederlle a exención no pago da taxa ao abeiro da disposto na ordenanza reguladora do servizo.

6.1.2.- Escrito núm. 1509/12 de don Tirso Carbia Méndez.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita atención domiciliaria para organización e hixiene doméstica, seguimento de medicación e elaboración de comida.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo de axuda no fogar, a través do sistema de libre concorrencia, cunha intensidade de 30 horas/mes de luns a venres.

2º.- Aprobar unha achega do usuario de 2,27 euros/hora de acordo co establecido na ordenanza reguladora do servizo.

6.2.- Escrito núm. 1428/12 da Asociación Cultural San Campio

Dáse conta do citado escrito no que dona Maria Cabaleiro Cao, en calidade de Presidenta da Asociación Cultural San Campio de San Miguel de Sarandón, expón que os días 27 e 28 de outubro celebrouse unha nova edición do Espazo Activo da Ulla, un programa de actividades culturais: música tradicional e alternativa, animación, polo que solicitan a colaboración do concello neste proxecto.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de oitocentos (#800,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gastos de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.